



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

2014
Galicia Skills

Galicia Skills²⁰¹⁴

III CAMPIONATO GALEGO DA FORMACIÓN PROFESIONAL

25 Carpintaría

Convoca:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Empresas patrocinadoras:



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE

Introdución e obxectivos

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, da Xunta de Galicia, organiza o III Campionato Galego de Formación Profesional na especialidade de "Carpintaría".

Esta competición de "Carpintaría" ten como obxectivo a promoción do ensino da familia profesional de "Madeira e moble", estimulando e motivando o alumnado, mellorando así a calidade da formación profesional, buscando o recoñecemento e o estímulo do labor docente, creando un punto de encontro entre profesionais, profesorado e futuros/as profesionais, e fomentando deste xeito as relacións entre os centros de Galicia.

Os ciclos formativos relacionados con esta competición son:

- CM Instalación e amoblamento.
- CM Carpintaría e moble.
- CS Deseño e amoblamento.

Requisitos de participación

- Cada centro presentará unha única persoa participante, que deberá ir na compañía dun profesor ou unha profesora que se comprometa a exercer o papel de titor ou titora.
- As persoas competidoras deberán ter unha idade máxima de 21 anos o 31 de decembro de 2014.
- Deberase tamén estar matriculado/a nun ciclo formativo no curso 2014-2015.
- Durante a competición realizaranse reportaxes fotográficas que se utilizarán para a difusión dos campionatos de formación profesional. As persoas participantes autorizan a utilización destas fotos e destes vídeos para tal fin.

Inscripción

A inscrición realizaraa o centro educativo, cubrindo a solicitude de inscrición e remítindoa ao enderezo de correo electrónico sxfp@edu.xunta.es. Esta solicitude atópase na páxina web de www.edu.xunta.es/fp/galiciaskills, onde pode consultarse toda a información sobre o campionato.

O prazo de inscrición finaliza o día 30 de abril.

Lugar e data de celebración das probas

A competición celebrarase no CIFP A Xunqueira, de Pontevedra, o 7 de outubro de 2014.



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
O FSE inviste no teu futuro



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EDUCACIÓN, CULTURA
Y DEPORTE



Contidos das probas

- O proxecto da proba consiste soamente nun traballo práctico.
- Os coñecementos teóricos limitánse aos necesarios para a realización do traballo práctico.
- O proxecto de proba consistirá nun conxunto unido por varias ensamblaxes.
- As dimensíons máximas do conxunto serán de 650 mm x 650 mm, cun espesor máximo de 40 mm.
- A persoa concursante terá que realizar, de xeito independente, as seguintes tarefas:
 - Medición e preparación de pezas do conxunto.
 - Realización á man e en máquina de ensamblaxes.
 - Acabamento do conxunto.

As habilidades técnicas axeitadas son:

- Lectura e interpretación de planos.
- Deseño e trazado a escala (escalas para empregar: 1/1, 1/2, 1/3, 1/4 e 1/5). Os detalles definiranse todos a escala 1/1 ou maior.
- Emprego de formatos A4, A3, A2, A1 e A0.
- Coñecementos de compoñentes e técnicas de construcción.
- Planificación de procesos e secuencias.
- Execución de xuntas á man e a máquina.
- Axuste e fixación de compoñentes.
- Traballo con madeira maciza.
- Mecanizado de perfís e outras operacións de xeito seguro.
- Obtención da precisión dimensional que indiquen as tolerancias dadas.
- Adecuación das superficies ás especificacións.
- Manexo de máquinas convencionais (baixo supervisión) e manuais.
- Axuste e manexo de dispositivos de seguridade.
- Fabricación á man e en máquina, aplicando a normativa de seguridade.
- Interpretación e execución de planos, aplicando as normas.
- Coñecemento de materiais e procesos.
- Aplicación das normas de seguridade e saúde. As persoas participantes deberán empregar sempre os EPI necesarios para cada tarefa, coa excepción das luvas. En caso reiterado de incumprimento deste punto, poderanse apartar da competición polo xurado da proba.

Non está permitido o uso de patróns nin pezas especiais.

Non se poderán traer máquinas fixas nin portátiles, eléctricas nin pneumáticas, nin cisallas.

As persoas concursantes teñen dereito a esperar un tratamento xusto e honrado durante a celebración da proba, nos seguintes aspectos:

- As instrucións serán claras e inequívocas.
- Os programas de puntuación non proporcionarán vantaxe a ningunha persoa concursante.
- A axuda necesaria para asegurar que se poida rematar a proba proporcionárselles por igual e ao mesmo tempo a todos/as os/as concursantes presentes.
- Non haberá ningunha interferencia indebida por parte de terceiras persoas que poidan obstaculizar o remate da proba.



Materiais e ferramentas para achegar polas persoas participantes

Poderán levar consigo as ferramentas que desexen nunha caixa de ferramentas, que poderá incluír:

- Formóns.
- Gramil.
- Instrumentos de debuxo: escuadra, cartabón, escalímetro e lapis.
- Serróns.
- Mazo.
- Martelo.
- Punzón.
- Papel de lixa.
- Escuadra de 90°.
- Falsa escuadra.
- Lima e lima grossa.
- Garlopa.
- Compás de puntas.
- Coitelas de ebanista.
- Pedra de asentar e afiar.

Xurado

Será o responsable da avaliación das persoas participantes e a súa decisión será inapelable.

Estará constituído por don Benigno Rafael García Amor, experto do skill de "Carpintaría" de Galicia, que será o presidente do xurado, don Juan Luís Santalla Felgueiras, experto de "Ebanistería" de Galicia, que actuará como adxunto, así como o profesorado da especialidade e representantes das empresas patrocinadoras, de ser o caso.

Se algúnn membro do xurado é profesor ou profesora no centro onde curse os seus estudos algunha persoa participante, absterase de avaliala nos subcriterios subxectivos.

Premios

- A persoa competitiva con maior puntuación obterá a medalla de ouro no skill de "Carpintaría" e representará a Comunidade Autónoma de Galicia na Olimpíada SpainSkills 2015.
- Quen obteña a seguinte mellor puntuación en cada skill obterá a medalla de prata nesa especialidade e será suplente para representar a Galicia na Olimpíada SpainSkills 2015.
- Os premios faranse públicos nun acto conxunto de entrega de premios e diplomas.
- Se o considera oportuno o xurado, algúnn premio pode quedar deserto.
- Todas as persoas competitivas recibirán un diploma que certifique a súa participación en GaliciaSkills 2014.